

Bolsas en Entidades de Economía Social

Convocatoria 2018

Convoca

Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop, no marco do Proxecto “LABORATORIOS DE APOIO Á CREACIÓN DE EMPREGO E EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL. LACES”, e dentro do Programa de actuación 2018 da Rede Eusumo.

LACES é un proxecto cofinanciado polo FEDER no marco do programa Interreg V-A España-Portugal POCTEP 2014-2020, e ten como obxectivo principal contribuir ao fomento e consolidación da Economía Social na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para conseguir un salto cualitativo na súa capacidade para xerar e consolidar emprego.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento e consolidación do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Empleo y Seguridad Social.



Obxecto

Espazocoop é unha entidade multisectorial, integrada por cooperativas de distintas clases, que ten, como un dos seus obxectivos, a mellora da xestión e do funcionamento a nivel organizativo das cooperativas.

Coñecida a situación existente (dun baixo nivel de xerencias profesionais nas entidades de economía social), dalle continuidade a **prestar apoio ao labor de mellora e consolidación** convocando o Programa de Bolsas en Entidades de Economía Social

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar cooperativas e outras entidades de economía social** comprometidas e beneficiarias do programa, e **incorporar** nelas a **persoas coa titulación axeitada** para facer **prácticas de apoio e mellora xerencial na mesma**, durante **6 meses** a tempo parcial. As persoas bolsseiras contan cunha axuda mensual por desenvolver o seu labor.

A finalidade do programa é mellorar as condicións nas que as cooperativas e entidades de economía social confrontan a función xerencial. O programa é de **carácter gratuito** para as entidades solicitantes.

Características das bolsas

Desenvolvemento dun Plan de mellora xerencial e de consolidación

As persoas bolsseiras seguen un Plan de Traballo, un programa formativo, teórico e práctico, de xerencia en entidades de economía social, trátase de desenvolver un plan para a mellora xerencial na cooperativa/entidade. As bolsseiras serán tituladas que contarán cunha persoa titora que se encarga de realizar seguimento e acompañamento dos traballos prácticos que fai na empresa, como poden ser: acadar información relevante dos distintos ámbitos da organización, analizar as diferentes áreas, ordear a información acadada, realizar propostas, planificar, aplicar as accións de mellora que decida a dirección, realizar o seguimento das medidas tomadas na entidade, etc.

Para cada entidade beneficiaria dunha bolsa, os traballos que se realicen, terán un certo grao de adaptación ás necesidades e demandas que esta manifieste ou que se detecte máis necesaria na área xerencial.

Selección das persoas bolseiras

Do proceso de selección das persoas bolseiras encárgase Espazocoop.
As bolseiras serán asignadas a cada entidade despois de realizar os pasos seguintes :

- 1.- Información ás solicitantes, sobre as persoas que candidatan.
- 2.- Selección final (en coordinación coa entidade).

Ao mesmo tempo, unha vez finalizada a bolsa, e coa idea de darlle continuidade ao impulso do labor xerencial, a entidade estaría en disposición de valorar a incorporación da persoa bolseira ao seu cadro de persoal.

Quen pode solicialas?

Con preferencia poden solicialas as **cooperativas asociadas** a Espazocoop así como aquelas empresas e entidades vinculadas ao tecido asociativo da Economía Social e Solidaria en Galicia, como por exemplo, o Foro da Economía Social Galega ou REAS Galicia. No caso de que non se cubran as prazas, outras cooperativas e entidades de economía social solicitantes do programa **que teñan interese en mellorar o labor xerencial** e que non teñan persoal concreto e/ou profesionalizado para a xerencia .

Selección de cooperativas e entidades de economía social

O proceso de selección consistirá en recoller información das cooperativas e entidades demandantes:

- 1.- Mediante un formulario.
- 2.- A unión de cooperativas Espazocoop, asemade, podería recadar máis información a través dunha visita ou entrevista coa cooperativa ou entidade solicitante.

A valoración e selección das beneficiarias dunha bolsa será realizada por unha Comisión na que participará persoal do programa de bolsas e representantes de Espazocoop.

Compromisos das cooperativas e entidades de economía social seleccionadas

As cooperativas e entidades que sexan beneficiarias de beca, por un lado, terán dereito a dispor dunha persoa con bolsa na súa área xerencial, con acompañamento dunha persoa titora de Espazocoop, e por outro lado, adquirirán certas obrigas ou compromisos (de participación no programa, de atención e colaboración coa persoa con bolsa, etc.)

Na cooperativa ou entidade de economía social beneficiaria deben existir unhas condicións mínimas de atención e dedicación á bolsa e á persoa con bolsa, tanto para que poida desenvolver os traballos encomendados, como para que a solicitante tire proveito e contribúa á boa marcha da bolsa .

Onde se desenvolve a bolsa?

Como as persoas bolseiras **seguirán un programa formativo teórico – práctico** dinamizado por unha persoa titora, o lugar de celebración dos traballos de apoio xerencial serán :

- Nas instalacións da propia cooperativa ou entidade de economía social
- Nos lugares e instalacións que se estimen necesarios para impartir as actividades formativas e de titoría (locais da unión de cooperativas Espazocoop).

Por lo é importante que a cooperativa ou entidade de economía social beneficiaria dispoña das condicións de espazo e de equipamento idóneos, para que a persoa bolsreira poida traballar sen carencias durante a estada en prácticas.

Titorías nas propias cooperativas e entidades de economía social

O Programa de Becas tamén prevé sesións de titorización dos traballos xerenciais na propia cooperativa ou entidade de economía social. Nestas titorías participará algunha persoa socia da cooperativa/entidade, a persoa bolsreira, e a persoa titora de Espazocoop.

Datas de posta en marcha

O proceso de selección, tanto de cooperativas e entidades de economía social como de persoas bolsreiras, terá lugar entre **marzo e maio de 2018**.

A estada en prácticas da persoa bolsreira na cooperativa ou entidade de economía social, terá lugar entre **xuño e novembro de 2018**.

Solicitudes : Que presentar?

As cooperativas ou entidades de economía social achegarán a **solicitud** e un **formulario en liña** cumprimentado para formalizar a súa demanda.

1.- A **solicitud** pode achegarse en formato dixital (orixinal escaneado) ou en formato papel (orixinal). Deberá estar asinada pola persoa representante da cooperativa ou entidade de economía social e levar o selo.

Remitir a solicitud por correo electrónico á unión de cooperativas Espazocoop, a:
roberto@espazo.coop

2.- O **formulario** de demanda de bolsa cumprimentarse en liña e o recibiremos automaticamente en Espazocoop.

Información e consultas

No teléfono **986 866 149**, ou no correo electrónico roberto@espazo.coop

Prazo de presentación

As solicitudes poderán presentarse ata o **6 de abril de 2018**.

Aceptación das bases

A presentación da solicitud implica a conformidade e aceptación das bases da convocatoria por parte das cooperativas e entidades de economía social solicitantes.